

DECRETO

Expediente núm.: 1120/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Concesión de Subvención Nominativa

Don Jacobo Pérez Gulín, Alcalde do Concello de Caldas de Reis, en razón aos seguintes:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Asunto: Concesión de Subvención a CCUU AUGAS DE GORGULLÓN ao abeiro do programa "AXUDAS MUNICIPAIS ÁS CC.UU. DE AUGAS 2024"

Vista a conveniencia de subvencionar o proxecto Melloras nas instalacións da Comunidade de Augas que presta servizo de abastecemento ao lugar de Gorgullón (Carracedo) que, según expón o interesado, consiste en *"Reforma de arquetas segundo proxecto achegado"*

Esta actividade obxecto da subvención é realizada pola entidade COMUNIDADE DE AUGAS DE GORGULLON (NIF G36567394)

Á súa vez, segundo consta no expediente, queda acreditado que a referida entidade atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Esta subvención foi incluída no expediente de modificación do anexo de transferencias para o ano 2024 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 05 de novembro de 2024, e incorporada ao exercicio 2025 mediante a tramitación dun expediente de Incorporación de Remanentes de Crédito non executados aprobado por Resolución de Alcaldía en data 06/04/2025.

O interesado xustificou os gastos de acordo co seguinte detalle:

PROVEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO
CONSTRUCCION ES LOURIÑO S.L.	Sustitución de arquetas de cemento con tapas e peche das mesmas con candado	4.239,24 €	30/09/24

Total gastos xustificados	Imp. subvención Concello	outros ingresos	Exceso de financiamento	Imp. anticipado	Imp. Liquidacion final
4.239,24 €	3.500,00 €	739,24 €	0,00 €	0,00 €	3.500,00 €



Tendo en conta que as razóns que xustifican a concesión directa desta subvención son de interese público, social, económico ou humanitario ou outras razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal en data 13/05/2025, con nº de orde 2025-0103 e con resultado: Desfavorable con efectos suspensivos.

Considerando o disposto no artigo 30 da a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e os artigo 70 e seguintes do RD 887/2006, relativos á xustificación e pago da subvención.

Considerando o artigo 4 do Decreto 130/2019 deberá fornecerse á Base de datos Nacional de Subvencións a información sobre a normativa reguladora, as convocatorias, as concesións, os pagos realizados, as resolucións do procedemento de reintegro e as resolucións firmes do procedemento sancionador.*

Vista a proposta de resolución PR/2025/247 de 13 de maio de 2025.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no Art. 21.1 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases sobre Réxime local, veño de adoptar a seguinte

RESOLUCIÓN

1. Levantar o reparo de legalidade formulado pola intervención, deixando sen efecto o seu carácter suspensivo.
2. **CONCEDER** á entidade COMUNIDADE DE AUGAS DE GORGULLON, unha subvención nominativa por importe de 3.500 € para o financiamento do proxecto “Melloras nas instalacións da Comunidade de Augas que presta servizo de abastecemento ao lugar de Gorgullón (Carracedo)”
3. Prestar aprobación a conta xustificativa presentada polo interesado
4. **AUTORIZAR** e **DISPOÑER GASTO** en contía de 3.500 € a favor da entidade beneficiaria que se imputarán á aplicación orzamentaria 161 789.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.
5. Ordenar o pago.
6. Notificar o presente acto á entidade beneficiaria e publicar a presente subvención na Base de datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello

Así o dispón e asina o Sr. Alcalde - Presidente don Jacobo Pérez Gulín, certificando a secretaria este Decreto cuxo número e data figuran á marxe aos efectos de fe pública.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

